


PLAN DE ACCIÓN TITORIAL



IES URBANO LUGRÍS
A CORUÑA

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

I.- OBXECTIVOS XERAIS.

II.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

III.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

- 1 - Priorización das intervencións.
- 2 - Contidos do Plan de Acción Titorial.
- 3 - Temporalización .

IV.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

V.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

O plan de Acción Titorial, inxerido no Proxecto Educativo, é a estrutura coa que organizamos o conxunto de accións, de orientación e seguimento, dirixidas a todo o noso alumnado ao longo da súa escolaridade cuxo obxectivo é o logro das competencias básicas.

Ten como finalidade o autocoñecemento do alumnado, a mellora no seu proceso de socialización, aprender as habilidades básicas que lle axuden a tomar decisións e resolver os seus problemas, así como asesorarlle na elaboración do seu proxecto persoal e profesional.

Neste plan organizamos os contidos de orientación a desenvolver a nivel grupal, na hora de titoría. Así mesmo potenciamos a intervención do profesorado titor no seguimento individual e grupal do alumnado, a relación coas familias e a coordinación co profesorado do propio centro e do centro adscrito e con outros axentes externos.

A súa elaboración corresponde ao equipo de titores asesorados pola xefatura do departamento de orientación, que se encarga da súa redacción. O seu desenvolvemento é responsabilidade do titor ou titora en coordinación co equipo docente contando co apoio da persoa responsable do departamento de orientación que favorecerá e garantirá a atención á diversidade.

I.- OBXECTIVOS XERAIS.

O Departamento de Orientación ten un amplo ámbito de intervencións no centro educativo. As súas funcións inciden na organización do Centro, no alumnado, profesorado, familias e outros organismos e institucións.

Neste contexto definimos como obxectivos xerais:

1. Colaborar na creación dun ambiente de traballo agradable en condicións de cooperación e mantendo unha actitude aberta e democrática.
2. Incidir na organización pedagóxica do Centro, segundo o permita o equipo directivo, procurando a mellora na calidade do ensino.
3. Fomentar a concienciación das necesidades educativas nos diversos sectores da comunidade educativa promovendo actuacións para eliminalas.
4. Procurar a promoción dunha educación integradora e cooperativa entre todos os sectores da comunidade (profesorado, alumnado, familias e persoal non docente)
5. Optimizar o rendemento académico do alumnado mediante o asesoramento persoal e/ou grupal do mesmo ao longo de toda a súa escolarización.
6. Proporcionar apoio nas funcións de orientación, reforzo, titoría e docencia do profesorado.
7. Colaborar na organización de medidas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro de cara a súa integración persoal e académica no Sistema Educativo Español.
8. Participar na planificación e desenvolvemento de iniciativas e/ou propostas do Equipo directivo, Departamentos, CCP, APA e profesorado en xeral, que poidan requirir o noso apoio técnico.

9.Cumprir coa lexislación vixente para os Departamentos de Orientación establecido no Decreto 120/98, do 23 de abril no que se regula a orientación educativa e profesional na nosa Comunidade Autónoma e na Orde do 24 de xullo do 98, que a desenvolve.

10.Seguir as instrucións da Circular 1872007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se establecen as accións prioritarias de actuación para os servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

II.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

1.Dar a coñecer as funcións do Departamento de Orientación nos diferentes ámbitos da súa actuación e aos diferentes sectores da comunidade educativa

2.Coordinar a elaboración, posta en marcha e seguimento do Plan de Acción. Titorial.

3.Realizar as valoracións psicopedagóxicas do alumnado con necesidades educativas específicas.

4.Asesorar ao Equipo Directivo nas cuestións prácticas de organización para mellorar a atención á diversidade.

5.Detectar posibles dificultades de desenvolvemento e/ou aprendizaxe no alumnado, especialmente o de novo ingreso, facendo fincapé na prevención.

6.Favorecer o autoconhecimento do alumnado para optimizar o seu rendemento académico e facilitarlles a toma de decisións vocacional.

7.Consensuar cos Departamentos Didácticos os criterios que regulen as medidas de reforzo educativo e as adaptacións curriculares.

8.Propoñer actividades de prevención educativa ante hábitos de conduta nocivos no medio escolar e familiar.

9.Colaborar na acollida, atención e seguimento do alumnado estranxeiro.

10.Manter un contacto permanente e fluído co CEIP adscrito, fundamentalmente a través de reunión periódicas coa orientadora intercambiando informacións que permitan planificar mellor a atención educativa ao alumnado.

11.Colaborar cos Servizos Sociais do Concello e outros organismos ou O.N.G.s que presenten proxectos e/ou actividades educativas que resulten de interese para o noso alumnado.

I.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Priorización das intervencións.

Seguindo as directrices das últimas circulares da Consellería de Educación o noso traballo irá encamiñado a:

1.Colaborar na elaboración do Proxecto Educativo do Centro, no ámbito das nosas competencias.

2.Promover a mellora da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos, participando no diagnóstico, deseño e posta en marcha dalgún protocolo para mellorar a convivencia.

3. Propoñer aos titores asesoramento e actividades relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres incidindo no tema do maltrato por cuestión de xénero.
4. Suxerir actividades de dinámica de grupos para coñecer as habilidades sociais e aprender a poñelas en práctica.
5. Integrar no plan a consecución das competencias básicas.
6. Colaborar na identificación temperá de necesidades do alumnado de novo ingreso.
7. Favorecer a participación e implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos.
8. Atender as necesidades do alumnado estranxeiro para acadar o antes posible unha axeitada integración persoal e escolar.
9. Contribuír a buscar medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar
10. Informar e asesorar ao alumnado na súa elección vocacional e saídas profesionais que podan conxugar os seus intereses coas demandas do mercado laboral.
11. Propoñer actuacións que fomenten a cultura emprendedora e o autoemprego.

Ao longo destes anos as necesidades educativas detectadas con máis frecuencia polo departamento de orientación e o maior número de demandas de intervención que recibe están relacionadas con problemas de convivencia (conduta disruptiva dentro e/ou fora da aula), atraso escolar no alumnado (repetidores, estranxeiros que descoñecen as linguas) e absentismo escolar.

Entendemos igualmente como unha necesidade educativa a de potenciar e facilitar a creación dun clima de compañeirismo e respecto mutuo nas aulas e no centro, que facilite a realización dun traballo máis coordinado e eficaz entre o profesorado que repercuta na mellora do ensino e na mellor formación do alumnado.

Plan de Acción Titorial.

A orientación, como actividade unida á acción educativa é competencia de todo o profesorado, e desenvólvese fundamentalmente a través da acción titorial. O Plan de Acción titorial pretende proporcionar ao profesorado os materiais e asesoramento preciso para desenvolver a súa función orientadora. A finalidade fundamental será a de traballar aspectos formativos e educativos co alumnado na hora presencial de titoría.

Dentro do PAT se persigue a facilitación e desenvolvemento de actividades de autoconecemento persoal do alumnado así como dos hábitos de estudo e as estratexias de aprendizaxe e as habilidades sociais que lle permitan acadar unha mellor integración persoal e un máximo rendemento escolar.

Obxectivos xerais

- Coñecer as características persoais e educativas do alumnado
- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo- clase e no IES
- Manter a coordinación co departamento de orientación do CEIP adscrito "Sagrada Familia".

- Recoller e aportar aos tutores a información relevante do alumnado de novo ingreso.
- Colaborar cos tutores no deseño e desenvolvemento da acción tutorial.
- Participar, xunto co profesorado na mellora da convivencia no centro.
- Inculcar a importancia da motivación por aprender valorando o esforzo persoal.
- Revisar, e adaptar, se é o caso, as medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Participar na prevención e control do absentismo escolar.
- Informar e apoiar as familias procurando a súa implicación na formación dos fillos.

Obxectivos específicos

- Facilitar a integración no Centro do alumnado de nova incorporación.
- Informar ao alumnado e as familias sobre as etapas educativas e as opcións ao rematar a ESO.
- Potenciar a escoita activa e o diálogo como medio eficaz para solucionar conflitos.
- Facilitar o coñecemento do alumnado sobre a estrutura organizativa do Centro e potenciar a súa participación activa a través dos órganos representativos.
- Fomentar a progresiva adquisición de hábitos de traballo e de autonomía persoal.
- Exercitar as habilidades e destrezas para a toma de decisións.
- Asesorar e informar ao alumnado sobre a oferta educativa e profesional.
- Colaborar no seguimento da inserción laboral do alumnado que finalice estudos.

Para levar adiante estes obxectivos realizaremos as seguintes actividades:

Prestarémolles unha atención especial a avaliación inicial de 1º da ESO e do alumnado de novo ingreso, para procurarlles, no seu caso, as medidas de atención á diversidade pertinentes.

Nas entrevistas e/ou reunións cos tutores aportarémolles ideas e apoios materiais e outros recursos técnicos que lles permitan abordar os temas transversais, como a educación viaria, para a saúde, para a igualdade, educación en valores, para o consumo, protección ambiental, educación para a paz etc., e traballalos co alumnado.

Aportaremos en Bacharelatos e ciclos formativos a documentación actualizada de que dispoñamos, sobre a elección de optativas, a nova selectividade e ponderación das distintas materias, as condicións de acceso as probas libres para obter o título da ESO, as probas de acceso a ciclos, itinerarios de acceso a outros estudos e ao mundo laboral.

Actividades que o departamento propón ao profesorado titor :

- Revisar e actualizar os expedientes do alumnado.

- Pasar un cuestionario inicial de datos persoais do seu alumnado.
- Informar sobre o curso no que están e a estrutura dos estudos que realizan (ESO, Formación Profesional Básica, Ciclo, Bacharelato.)
- Entregar os horarios e explicar o mesmo (ubicación de aulas, reparto de libros..)
- Explicar a función do titor.
- Informar sobre a estrutura organizativa do Centro.
- Realizar a elección de delegados informando sobre as súas funcións.
- Informar sobre os seus dereitos e deberes e as Normas de Convivencia.
- Realizar actividades de cara ao coñecemento do alumnado entre si.
- Realizar dinámicas con vistas á integración do alumnado no grupo
- Propoñer e levar adiante un programa de Técnicas de Traballo Intelectual.
- Implementar algún programa de Educación en Valores (educación sexual, para a saúde, medioambiente, interculturalidade, igualdade etc..).
- Informar ao alumnado en materia de emerxencia e seguridade no centro de traballo.
- Participar nalgún programa de educación viaria (prevención de accidentes de tráfico).
- Realizar tarefas de orientación académica e profesional (optativas, ciclos, estudos universitarios etc,,), co asesoramento da orientadora.
- Manter unha reunión a principio de curso coas familias e realizar entrevistas periódicas coas mesmas .
- Levar actualizado o parte de faltas de asistencia (xustificadas ou non segundo corresponda) e ter controlado o absentismo escolar reiterado para informar ás familias e buscar solución (e no caso preciso dar parte aos servizos sociais).

Plan de Orientación Académica e Profesional.

Vai dirixido principalmente ao alumnado de 4º de E.S.O e aos que rematan a FPB, Ciclos Formativos e Bacharelato. As actividades xenéricas a desenvolver se dividen en dous grandes bloques: de auto- coñecemento persoal (as aptitudes e actitudes persoais) e de coñecemento do mundo educativo e laboral (condicións de acceso).

Aportaremos documentación sobre itinerarios académicos que poden conducir a outros estudos (segundo os niveis de que se trate) programas de cualificación profesional inicial, modalidades de bacharelato, universidade, cursos de formación ocupacional, educación de adultos etc.....

Facilitaremos igualmente información e asesoramento, mediante entrevista persoal ao alumnado e as familias .

4.- Temporalización

A principios de curso pasaráselle información escrita ao profesorado titor (ESO, FPB, e Bacharelato) para o **primeiro trimestre** de actividades comúns a todos os niveis, que comprenden basicamente sesións encamiñadas a:

- * Xornada de recepción do alumnado.
- * Cuestionario persoal inicial.
- * As función do titor.
- * Organización
- * Informacións varias (calendario escolar, horarios..)
- * As normas de convivencia do centro
- * Dereitos, deberes e participación do alumnado
- * Órganos e funcionamento do Centro
- * Normas
- * Elección de delegado de curso

Seguidamente para o 1º ciclo da ESO se organizarán actividades de autoconhecimento persoal e do grupo e nun segundo momento se analizarán os seus hábitos de traballo intelectual para tratar de mellorar as súas técnicas de estudo-

No segundo trimestre propoñeráselle un cuestionario que lles axude a detectar os seus fallos, puntos fortes e débiles, e as súas necesidades e a continuación asesoraráselles sobre técnicas para organizarse e planificar o seu estudo. En 1º se abordará a lectura mecánica e comprensiva, o subliñado, resumo e facer esquemas. En 2º se repasarán as técnicas anteriores e aprenderán a realizar distintos tipos de esquemas, presentación de traballos, uso da biblioteca e toma de apuntes.

En data sen concretar, pero a finais do primeiro trimestre, levarase a cabo a visita do alumnado de 6º de Primaria do CEIP adscrito ao noso Centro para coñecer as instalacións e participar nunha actividade común cos nosos alumnos de 1º de ESO.

O resto das sesións do segundo vai enfocado a mellorar as habilidades sociais, tanto en 1º como en 2º de ESO.

Antes de finalizar cada trimestre pódese realizar unha auto-avaliación dos resultados obtidos nos distintos grupos e así facer propostas de mellorar, se fora preciso, no seguinte trimestre.

Para o alumnado do FPBásica, Bacharelatos e ciclos Medios temos previsto una actividade referida á prevención de accidentes de tráfico mediante un obradoiro de educación viaria. Igualmente propóñese anualmente nos ciclos Superiores e maiores de 18 anos a Doazón de sangue en colaboración co CHUAC e dentro do que sería educación para a saúde.

Durante o **segundo trimestre** e tendo en conta os distintos niveis, intereses e participación do profesorado titor, profundizarase nas técnicas e a motivación polo estudo, ampliando novos contidos etc...

En 1º de ESO e como tema transversal relacionados coa educación en valores se traballará a tolerancia e respecto as diferenzas, mediante o programa "Etnia" (a cultura do pobo xitano). Igualmente e no mesmo contexto levarase adiante o programa de "Discapacidade e mobilidade".

En 2º de ESO, una vez finalizadas as sesión de “Habilidades sociais” temos pensado levar adiante (dentro de educación para a saúde) o programa “A adolescencia e ti” e quizais un obradoiro sobre “Anorexia e bulimia”

O alumnado de 3º de ESO dentro da Educación para a saúde, e en coordinación co departamento de Ciencias, recibe charlas sobre a Doazón de órganos.

En 3º e 4º da ESO pretendemos que se traballe a educación afectivo- sexual mediante o programa “Tantas cores como afectos” e programas de prevención de violencia de xénero “

Participamos habitualmente no programa de orientación académica e profesional “Descubrir os estudos” todo o alumnado de 4º de eso, FPB e de post-obrigatoria do centro, que así o desexe.

A primeiros do mes de febreiro realizarase a reunión no CEIP adscrito coas familias do alumnado de 6º de Primaria, presentándolle a oferta educativa do noso Centro, instalacións e persoal, con vistas á incorporación o ano seguinte dos seus fillos e fillas

Rematado o trimestre débese facer unha valoración de como se desenvolveron as actividades de titoría así como a avaliación de resultados do alumnado para realizar os cambios pertinente, se fóra preciso.

Ao longo do **terceiro trimestre**, ademais de continuar cos temas transversais, desenvolveranse actividades relacionadas coa elección de optativas en todos os cursos) e de itinerarios formativos e de orientación académica e profesional (pasándose un cuestionario en 4º da ESO) e en 2º de Bacharelato informando sobre a Selectividade e a ponderación das materias en función dos estudos elixidos.

En 4º da ESO e FPBásica se organizarán actividades sobre as “Técnicas de busca de emprego” e a “Entrevista de traballo”

En 1º e 2º de Bacharelato participaremos no programa da Universidade de Santiago “A Ponte entre a Universidade e o ensino Medio” onde se lles oferta información de primeira man sobre o funcionamento da Universidade, bolsas de Estudo, Graos, etc...

No caso dos ciclos proporcionaráselles toda a información dispoñible respecto aos contidos curriculares, así como a posibles saídas laborais.

Se traballará o emprego do tempo libre e a oferta existente (aprendizaxe de idiomas, práctica de deporte, campamentos de verán..)

Procuraremos facer avaliación das titorías con vistas a ofertar nun futuro actividades que os titores consideren máis atractivas e interesantes para o seu alumnado.

Igualmente continuaremos atendendo mediante entrevistas individuais a todo o alumnado, profesorado e familias que así o demanden.

Este plan irase concretando nas entrevistas ou reunións que podamos manter cos titores e o equipo directivo, para adecualo as necesidades que plantexen. No caso do CEIP adscrito colaboraremos con eles no que teñan previsto.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

A intervención basearase, dentro do posible, no modelo psicopedagógico de programas, pero virá determinada pola implicación do profesorado titor para levalos adiante e intervir directamente co seu grupo-clase.

Prestaremos atención preferente ao alumnado que requira medidas de atención á diversidade, sobre todo ao procedente do estranxeiro, os de etnia xitana e os que contengan ou precisen a elaboración de adaptacións curriculares.

Coordinaremos a intervención directa coas distintas institucións coas que colaboramos asiduamente (CEIP adscrito, traballadores sociais do concello, UAMI, Saúde Mental, Equipo específico, etc.) .

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do plan será continua tanto no referente ao alumnado como ao profesorado, facendo os cambios oportunos en función do desenvolvemento das actividades propostas.

Para avaliar, utilizaremos desde cuestionarios estandarizados ata a observación directa de cambios de actitude, superación de dificultades, participación en actividades, implicación persoal (tanto de alumnado como de profesorado), aportación de materiais, etc...

A nivel cuantitativo a avaliación virá dada polo número das actividades programadas que foron realizadas nas titorías, a cooperación na busca de materiais adecuados, cantidade de demandas atendidas e resoltas, asistencia ás reunións convocadas polo departamento, postas en común, número de entrevistas coas familias e co alumnado.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

Xefa do Departamento: M^a Isabel Edreira Armesto.

Asdo.: M^a Isabel Edreira Armesto